

Primaria

APRENDER É CRECER XUNTOS 1

Programación

Unidade 2

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

O meu neno está no berce.

Descrición da unidade

No principio desta unidade, a lectura do canto de berce e a familia vai ser o eixe globalizador sobre os que van xirar a maioría dos contidos que se propoñen.

Neste segundo tema do libro traballaranse a lectoescritura das consoantes *l, m, p*; a familia, as tarefas da casa, os sentidos, as relacións familiares e, a vendima como **Tarefa**, pois é neste tempo cando se recolle en moitas zonas de Galicia a uva.

As actividades que se propoñen para esta unidade permitiránlle ao profesor observar como os seus alumnos e alumnas rodean, subraian, unen, escriben, colorean, debuxan,... e así saber, en cada momento, o nivel en que se atopan e o grao de habilidades co que comezan o novo curso.

Temporalización:

Outubro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

LINGUA

- escoitar e comprender un sinxelo poema oral.
- Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras, frases e textos breves formadas coas letras estudadas.
- Escribir con corrección as consoantes *l, m, p*, que se estudan nesta unidade.
- Completar frases e palabras coas letras estudadas.
- Ler con eficacia pequenas frases e textos e responder axeitadamente ás preguntas de comprensión lectora.
- Ler e dialogar sobre a vendima e aprender un pequeno canto tradicional.
- Utilizar a expresión oral de forma correcta e coherente para falar das tarefas da casa.

CIENCIAS NATURAIS

- Nomear os cinco sentidos e asocialos aos seus órganos.
- Recoñecer a través dos sentidos as calidades do medio que nos rodea.

CIENCIAS SOCIAIS

- identificar os membros dunha familia e as relacións de parentesco que se establecen entre eles.
- Aprender a colaborar nas tarefas da casa.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

LINGUA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Lectura. <ul style="list-style-type: none"> - Canto de berce: <i>O meu neno está no berce.</i> - Comprensión da lectura. • As letras: <i>l, m, p.</i> • Obradoiro de escritura. • Tarefa. <ul style="list-style-type: none"> - A vendima. - As tarefas da casa. 	1. escoitar e comprender un sinxelo poema oral.	1.1. escoita e comprende un canto de berce tradicional. 1.2. Recoñece e vincula elementos significativos do poema coas imaxes da lámina inicial. 1.3. Pode asociar, ler e escribir sons onomapeicos relacionados coas imaxes da lámina inicial.
	2. Recoñecer auditivamente as consoantes <i>l, m, p.</i>	2.1. Recoñece a consoante e a súa localización na palabra. 2.2. Pronuncia con corrección a consoante estudada.
	3. Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras e pequenos textos formadas coas vogais e as consoantes estudadas.	3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas coas consoantes estudadas.
	4. Escribir con corrección palabras e frases formadas coas vogais e as consoantes estudadas.	4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas coas vogais en maiúscula e en minúscula.
	5. Completar palabras e frases.	5.1. Completa palabras e frases deducido as vogais e consoantes que faltan.
	6. Escribir con caligrafía correcta.	6.1. Escribe con boa caligrafía vogais e as consoantes estudadas nesta unidade.
	7. Informarse e aprender sobre as a vendima en Galicia.	7.1. Observar e falar sobre a vendima en Galicia. 7.2. Aprender o canto de vendima. escoitalo no CD audio ou no libro dixital.

	8. Falar con corrección e adecuación sobre as tarefas da casa.	8.1. Indicar as tarefas que cada un deles realiza na casa. 8.2. Falar en gran grupo, con coherencia e corrección en lingua galega, sobre as tarefas da casa e a colaboración que presta cada un deles.
--	--	---

CIENCIAS DA NATUREZA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
<ul style="list-style-type: none"> • O corpo humano: os sentidos • Iniciación á actividade científica 	1. Recoñecer as funcións dos cinco sentidos.	1.1. Recoñece a función de cada sentido. 1.2. Discrimina olores, sabores, sons imaxes e texturas a través dos sentidos.
	2. Asociar cada sentido ao seu órgano.	2.1. Asocia cada sentido ao seu órgano.
	3. Obter información relevante sobre os sentidos integrando datos de observación directa e indirecta.	3.1. Realiza preguntas para obter información e pedir aclaracións.

CIENCIAS SOCIAIS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
<ul style="list-style-type: none"> • A familia. Relacións de parentesco. • A vida en familia. Colaboración nas tarefas da casa. • Utilización de técnicas para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo. 	1. Recoñecer as relacións máis directas de parentesco, e expresar aprecio pola pertenza a unha familia con características e trazos propios.	1.1. Coñece a súa pertenza a unha familia. 1.2. Identifica os graos de parentesco máis próximos, e discrimina os roles familiares.
	2. Valorar a responsabilidade e participación de todos os membros da familia nas tarefas domésticas.	2.1. Valora a participación na realización das tarefas domésticas por todos os membros da familia. 2.2. Explica como colabora na casa.
	3. Valorar o traballo en	3.1. Participa, de forma

	grupo, mostrando actitudes de cooperación e participación.	responsable, construtiva e solidaria, en actividades de grupo. 3.2. Desenvolve actitudes de traballo en equipo e valora as ideas alleas.
--	--	---

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

LINGUA

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita e comprende un canto de berce tradicional.	<ul style="list-style-type: none"> • Audición do canto de berce, <i>O meu neno está no berce</i>, vinculado á páxina inicial. • Actividades do LD sobre o canto de berce que inicia a unidade e animación sobre as imaxes.
1.2. Recoñece e vincula elementos significativos do poema coas imaxes da lámina inicial.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade da epígrafe “Comprendo a lectura” para relacionar os elementos significativos da ilustración co contido do canto de berce. • Aprendizaxe doutras anainas na PD: <i>Ven sonín, Arronrrón</i>. • escoita outra das anainas que se engaden recursos da PD, como é <i>Alecrín dourado</i>. • Actividade de “Intelixencia visual” do LA para recoñecer o bebé na lámina inicial.
1.3. Pode asociar, ler e escribir sons onomapeicos relacionados coas imaxes da lámina inicial.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LA para escribir o son onomatopeico que se relaciona coas imaxes lámina inicial.
2.1. Recoñece a consoante e a súa localización na palabra.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades de lectoescritura, cantos de xogos populares (<i>Manciña morta...</i>), e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD. • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
2.2. Pronuncia con corrección a consoante estudada.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades de lectoescritura, cantos de xogos populares (<i>Pim, pim...</i>), e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD. • Actividades do LD.

3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas coas consoantes estudadas.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades da PD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas coas vogais en maiúscula e en minúscula.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades da PD. • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
5.1. Completa palabras e frases deducido as vogais e consoantes que faltan.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades do LD. • Actividades do “Obradoiro de escritura” do LA
6.1. Escribe con boa caligrafía vogais e as consoantes estudadas nesta unidade.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). • Actividades do “Obradoiro de escritura” do LA
7.1. Observar e falar sobre a vendima en Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura do texto con pictogramas do LA. • Audición do <i>Canto de vendima</i> que está no CD audio ou no LD. • Actividades e xogos, cooperativa da PD. • Visionado da “Galería de imaxes” sobre a vendima do LD.
7.2. Aprender o canto de vendima.	<ul style="list-style-type: none"> • Aprendizaxe do <i>Canto de vendima</i>, ben escoitándoo no CD ou ben no karaoke do LD.
8.1. Realizar a actividade do LA sobre as tarefas que cada un deles realiza na casa.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade escrita no LA. • Actividade no LD.
8.2. Falar en gran grupo, con coherencia e corrección en lingua galega, sobre as tarefas da casa e a colaboración que presta cada un deles.	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar un diálogo-debate e coidar que a exposición oral se realice en galego correcto e fluído.

CIENCIAS DA NATUREZA

Estándares de aprendizaxe avilables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Recoñece a función de cada sentido.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.
1.2. Discrimina olores, sabores, sons, imaxes e texturas a través dos seus sentidos.	<ul style="list-style-type: none"> • Xogos e actividades propostas na PD.
2.1. Asocia cada sentido ao seu órgano.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF. • Xogo e actividades propostas na PD.
3.1. Realiza preguntas para obter información e pedir aclaracións.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD.

CIENCIAS SOCIAIS

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Coñece a súa pertenza a unha familia.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Xogo e actividades propostas na PD.
1.2. Identifica os graos de parentesco máis próximos, e discrimina os roles familiares.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Xogo e actividades propostas na PD.
2.1. Valora a participación na realización das tarefas domésticas por todos os membros da familia.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de Aprendizaxe cooperativa proposta na PD.
2.2. Explica como colabora na casa.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade do apartado Repaso da unidade.
3.1. Participa, de forma responsable, construtiva e solidaria, en actividades de grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • Xogo e actividades propostas na PD.
3.2. Desenvolve actitudes de traballo en equipo e valora as ideas alleas.	<ul style="list-style-type: none"> • Xogo e actividades propostas na PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...	Entende as ordes, explicacións, indicacións, relatos, adiviñas, cantigas, poemas...
	<i>Plan lector.</i> Gozar coa lectura.	Comprende os textos de lectura da unidade: anainas, cantos de vendima, textos, poemas, adiviñas, refráns...
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar os recursos dixitais asociados á unidade.	Comprende, utiliza e aproveita os recursos dixitais asociados a unidade, realizando as actividades do libro dixital e atendendo aos audios do CD audio.
	Comprender mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta con corrección o apoio visual para a realización da actividade.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar recursos necesarios e pasos que deber realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos para resolver as actividades.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Intelixencia visual-espacial.	Localiza elementos visuais significativos.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Ser constante no traballo e superar dificultades.	Identifica os erros nas súas tarefas.
	Participar nas dinámicas e xogos de grupo.	Aprende o <i>Canto de vendima</i> , e outros xogos tradicionais e practícaos cos compañeiros.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Goza coa realización de actividades en grupo.
	<i>Educación en valores:</i> A gratitude.	Aprecia a axuda dos compañeiros e profesores, e a da súa familia. Exprésao con palabras, xestos e accións.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Aprender e recoñecer cantigas e xogos propias do patrimonio popular galego.	Descubre e xoga coas cancións populares, especialmente co canto de labor desta unidade. Aprende algún retrouso ou enleado que lle permita aumentar a súa bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Gozamos coa lectura do poema “O meu neno está no berce”

- Lemos o canto de berce «O meu neno está no berce» e observamos as viñetas da páxina inicial; tamén podemos activar a animación do LD.
- Seguimos as suxestións metodolóxicas da PD facéndolles preguntas sobre as imaxes e explicándolles as palabras que non coñecen.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Realizamos as actividades, para ampliar os contidos, da PD: cantos de berce e anainas. Realizamos os xogos indicados para que poidan aprender un canto de berce.

Tarefa 2: Coñecemos os sentidos.

- Observamos o mural O corpo e os sentidos coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Identificamos ideas previas no LA e actividades complementarias da PD.
- Coñecemos os cinco sentidos, actividades complementarias e xogos da PD..

Tarefa 3: Aprendemos as letras

- Coñecemos as consoantes *l, m, p* coas diferentes actividades de discriminación visual, auditiva, expresión oral e escrita do LA.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con adiviñas, xogos (*Pim, pim, Pés quedos...*) e retirosos populares (*Manciña morta*).
- Continuamos a tarefa de aprendizaxe cooperativa para realizar unha caixa-vocabulario.

Tarefa 4: Coñecemos os membros dunha familia.

- Observamos o mural A familia coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias e traballo cooperativo da PD..

Tarefa 5: Colaboramos nas tarefas da casa.

- Identificamos ideas previas no LA e actividades complementarias da PD.
- Coñecemos as tarefas que hai que realizar nunha casa, actividades do LA, actividades complementarias e traballo cooperativo da PD.

Tarefa 6: A vendima e as tarefas da casa.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD para estes contidos.
- Realizamos as tarefas do LA.
- Ampliamos os contidos cos recursos da PD: novos xogos para o recreo e actividades.
- Realizamos a actividade do LD: aprender o *Canto de vendima*.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso do LA.
- Realizamos as actividades de repaso complementarias da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Utilización da lámina inicial da unidade para a detección de ideas previas e presentación de contidos.
- Audición das lecturas correspondentes do CD e emprego do libro dixital para realizar as actividades como elementos motivadores.
- Traballo en gran grupo, con actividades, diálogos, xogos que potencien o intercambio de opinións e a aprendizaxe entre iguais.
- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e empregar as estruturas de aprendizaxe cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Dramatización de situacións cotiás relacionadas coa familia (arrolar un bebé) ou co reparto das tarefas na casa.
- Avaliación e traballo coas destrezas adquiridas no ciclo anterior: riscar, repasar, colorear, unir, escribir en pauta, copiar...
- Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Interiorización da utilidade da linguaxe escrita na vida diaria a través de textos sinxelos.

8. RECURSOS

- Cadernos complementarios. Este proxecto ofrece cadernos complementarios de **Aprendo a ler, Aprendo a escribir**
- Recursos fotocopiáveis da Proposta Didáctica. Para esta unidade podemos atopar recursos fotocopiáveis de Reforzo, Ampliación e Comprensión lectora nos Recursos fotocopiáveis.

Recursos dixitais

- Libro dixital. Os alumnos e alumnas poderán reforzar os contidos estudados a través do libro dixital. Nel ofrécese a versión en audio do poema ademais de actividades interactivas.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Murais da unidade: *O corpo e os sentidos*, e *A familia*.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese:
 - <http://anayadigital.es>
 - <http://www.orellapendella.org> Esta páxina web recolle infinidade de cantares, enleados, ditos e retrousos populares. Moi ben organizada e con constantes actualizacións.
 - http://www.xunta.es/linguagalega/cancions_dos_axouxeres#berce O programa **Encontros dos Axóuxeres**, é unha iniciativa da Secretaría Xeral de Política Lingüística para favorecer o uso do galego como lingua habitual de comunicación na familia e para fomentar a transmisión xeracional. A web da Secretaría Xeral de Política Lingüística permite descargar as letras e escoitar as cancións do espectáculo dos Axóuxeres neste enderezo web. Algúns dos cantos de berce que eliximos como recursos para esta unidade están tomados desta web.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de Avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos Recursos fotocopiáveis).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades observo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais observo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos acadaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o vindeiro curso? Por que?